# Tres coles de Xove, Nigrán e Cerceda gañan o concurso de carteis do "Recíclate con Sogama" 2021-2022

O importe económico dos premios, 3.000€ en total, deben ser investidos polos centros en material ou accións educativas

No marco do Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño), Sogama deu a coñecer os centros escolares gañadores do concurso de carteis do programa educativo "Recíclate con Sogama" 2021-2022.
O xurado non o tivo fácil á hora de asignar as puntuacións a cada candidatura, dado o alto nivel de todos elas en canto á propia calidade do cartel, grao de creatividade e orixinalidade, a mensaxe ambiental que transmitía para lograr un impacto positivo na concienciación da poboación sobre as bondades da reciclaxe, así como a claridade na redacción do texto para facilitar a súa comprensión.
O primeiro premio, dotado con 1.300€, foise para o CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán (Xove, Lugo) co cartel titulado "O MUNDO está nas TÚAS MANS!". Curiosamente, este centro tamén se fixo con este posto no concurso da pasada edición.
O CEIP da Cruz (Nigrán, Pontevedra), logrou o segundo premio, gratificado con 1.000€ coa proposta que leva por lema "Planeta reciclado, planeta ben coidado". E o terceiro premio, con 700€, recaeu no cartel do CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro (Cerceda, A Coruña) sobre o que podemos ler a frase inspiradora "Non deixes que os residuos bloqueen os teus sentidos: observa, escoita, reivindica, móvete. Segrega!" En todos os casos, os importes económicos deben ser investidos polos centros en material ou accións educativas.

**Accésits**
Máis aló dos tres primeiros clasificados, concedéronse outros tantos accésits a aqueles colexios que, sen ser gañadores, destacaron polos seus traballos. O primeiro foi para o CEIP de Cervo (Lugo); o segundo levouno o CEIP de Lourido (Poio, Pontevedra) e o terceiro, o CEIP de Roxos (Santiago de Compostela, A Coruña).

## "O MUNDO está nas TÚAS MANS!"




**O cartel do CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán (Xove) reproduce distintos continentes da terra que, aínda que orixinariamente son verdes, aparecen representados con tiritas, mentres mans humanas sosteñen o símbolo de reciclaxe cuberto de algodóns coa esperanza de que este actúe a modo de cura. Unha representación na que cobra forza a unión e colaboración entre os cidadáns como motor do cambio.**



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Encontro de empresas públicas de xestión de residuos en Santander

Coincidiron representantes de compañías asentadas na Cornisa Cantábrica: MARE SOGAMA, COGERSA e GHK



Foto de familia dos representantes das distintas empresas públicas participantes neste evento, xunto co conselleiro de Medio Ambiente de Cantabria

A comezos de xullo, unha representación do equipo técnico de Sogama encabezada polo presidente executivo, Javier Domínguez Lino, viaxou ata Santander para participar nun Encontro de empresas públicas de xestión de residuos da Cornisa Cantábrica.
Neste evento sectorial déronse cita unha trintena de representantes e directivos de empresas públicas de xestión de residuos de Cantabria, Asturias, País Vasco e Galicia: MARE (empresa pública de Medio Ambiente, Auga e Enerxía de Cantabria), que foi a coordinadora; SOGAMA, COGERSA (Consorcio para a Xestión dos Residuos Sólidos de Asturias), GARBIKER (Empresa Pública de Xestión de Residuos da Deputación Foral de Bizkaia) e GHK (Consorcio de Residuos de Gipuzkoa).
O obxectivo foi poñer en común coñecementos, experiencias, proxectos, retos e desafíos que afectan ás catro comunidades en materia de residuos, toda vez que comparten características no ámbito xeográfico, orográfico, idiosincrático e alta dispersión da poboación. Neste marco, organizáronse diferentes grupos de traballo a fin de que os integrantes dos mesmos avaliasen conxuntamente como afectará ao seu desempeño a nova lei estatal de residuos.

**Galicia, comunidade de referencia**

Tanto a través das intervencións como da participación nos diferentes talleres temáticos, a delegación galega deu a coñecer os avances da Sociedade Galega do Medio Ambiente nos últimos anos, onde a firme aposta pola modernización tecnolóxica, a innovación e a xestión sostible dos refugallos municipais producidos na meirande parte de Galicia, logrou posicionar a esta compañía entre as máis eficientes de Europa no seu sector.
En concreto, Domínguez tamén explicou as melloras introducidas na xestión de Sogama durante os últimos anos, así como a rede de infraestruturas que se porá en marcha para xestionar e tratar a materia orgánica recollida de forma separada a través do contedor marrón.

Durante o encontro, que tivo lugar o 5 xullo, organizáronse diferentes grupos de traballo.





© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Actualidade

# Sogama e o Máster en Enerxías Renovables da USC estudan colaboracións para transferir o coñecemento adquirido pola empresa pública

Canalizaríanse en proxectos de cooperación internacional vinculados á xestión dos residuos urbanos e nos que a empresa pública ten experiencia



Sogama e o Máster en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sostible da Universidade de Santiago de Compostela (USC) estudan posibles vías de colaboración en proxectos de cooperación internacional vinculados á xestión dos residuos urbanos e nos que a empresa pública ten experiencia.
O presidente da empresa pública, Javier Domínguez, mantivo unha xuntanza co profesor e doutor José A. Rodríguez Añón, coordinador deste máster e do Programa de Doutoramento en Enerxías Renovables, así coma con Ángeles López Agüera, doutora e profesora titular na Facultade de Física, ademais de asesora de Nacións Unidas no seguimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para América Latina e o Caribe, entre outros cargos. Ambos os dous estiveron acompañados por Mahamat Habid Bechir, un estudante de doutoramento da República do Chad interesado en analizar o sistema Sogama.

A reunión de traballo tivo lugar no Complexo Medioambiental de Cerceda o pasado 16 de xuño.

---

# Cabana de Bergantiños estréase con éxito na recollida separada da materia orgánica a través do quinto contedor

O 97,63% correspondía á fracción orgánica e asimilable e só un 2,37% a "impropios"



Logo de formalizar o convenio de adhesión á planta de compostaxe de Sogama en Cerceda, o Concello de Cabana de Bergantiños efectuou, o pasado 20 de abril, a primeira entrega da materia orgánica recollida de forma diferenciada a través do contedor marrón.. Tras a correspondente caracterización, o 97,63% dos residuos catalogáronse como orgánicos e asimilables, é dicir, "propios", mentres que o 2,37% restante correspondía a "impropios"
Sogama cualificou de "sobresaliente" a calidade do material entregado por Cabana e confía en que a implicación cidadá vaia aínda a máis. Desta forma, o concello bergantiñá tamén se suma aos excelentes resultados obtidos por outros concellos veciños que utilizan os servizos da planta de Sogama, como son Carballo, Laracha, Santa Comba e Cerceda.

Compost resultante do proceso de transformación daa da materia orgánica na planta de biorresiduos de Sogama.



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos
Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# A Mancomunidade do Morrazo súmase ao programa de compostaxe doméstica

Sogama entregou á Mancomunidade 300 composteiros e outros tantos cubos domiciliarios para facilitar a selección dos refugallos orgánicos nos fogares



No marco da colaboración que Sogama e a Mancomunidade do Morrazo (Cangas, Bueu e Moaña) manteñen desde hai anos para avanzar na correcta xestión e tratamento dos residuos urbanos, e tendo en conta que o ente supramunicipal quere adentrarse de cheo na valorización da materia orgánica mediante a súa transformación en compost, a empresa pública entregoulle 300 composteiros, con capacidade para 390 litros e fabricados con materiais reciclados e reciclables, así como igual número de cubos domiciliarios para facilitar a selección dos refugallos orgánicos nos fogares.
O obxectivo é que as familias participantes poidan reciclar *in situ* esta fracción e obter a partir da mesma un abono natural de alta calidade que regresa ao solo en forma de fertilizante, achegándolle nutrientes e mesmo protexéndoo fronte a pragas e enfermidades.
Como vén demostrando Sogama, a compostaxe doméstica é nun dos mellores exemplos de economía circular, toda vez que o residuo se converte en recurso para propiciar unha nova vida.

Os composteiros teñen que colocarse no exterior das vivendas con horta ou xardín.

**Material didáctico de reforzo**
A empresa pública tamén apoiou á Mancomunidade a nivel formativo mediante a subministración de manuais didácticos que entregou ás familias participantes.Esta información reforza a contida no sitio web www.compostaconsogama.gal.

# Novas altas a prol da economía circular en trece concellos galegos

A rede de autocompostaxe de Sogama ampliose en Burela, Covelo, Arbo, Alfoz, Baralla, Tui, Salvaterra do Miño, A Guarda, Mos, Vilarmaior, Cangas, Bueu e Moaña



Unha das mellores novas cada cuatrimestre neste boletín ambiental de Sogama é o aumento constante e progresivo de novas altas no programa de compostaxe doméstica de Sogama. Son pequenos, pero importantes xestos que se incorporan nas rutinas diarias da veciñanza para contribuír á economía circular e ao coidado do Planeta.
Se ben o composteiro entregado por Sogama propicia que o proceso de fermentación dos residuos orgánicos se leve a cabo de forma hixiénica, cómoda e eficiente, o certo é que esta operativa non é nova, se non que retoma unha práctica tradicional no rural galego como é a segregación dos restos orgánicos para alimento do gando e/ou elaboración de compost.

**Case 750**
En concreto, Tui, A Guarda, Salvaterra do Miño e Mos recibiron un total de 260 compostadores, con capacidade para 400 litros, a fin de que poidan ampliar os seus respectivos programas de compostaxe doméstica.
Pola súa banda, en Burela, Covelo, Arbo, Alfoz, Baralla e Vilarmaior repartíronse 180 que, sumandos aos 300 da Mancomunidad do Morrazo (Cangas, Bueu e Moaña) fan un total de 740 novos fogares que desde o verán participan nesta iniciativa de Sogama.

A veciñanza recibe cursos de formación a cargo de Sogama para coñecer polo miúdo a técnica de autocompostaxe



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia

## "O secreto do Caderno Verde" para ESO




"O secreto do Caderno Verde" é a primeira unidade didáctica interactiva dirixida á ESO. O profesorado e alumnado desta etapa educativa poderán facer uso deste relato-xogo en todo tipo de dispositivos e a través do cal, os rapaces deben facer fronte a sucesivos desafíos para descubrir de forma exitosa a proba final. En función da elección, seguirán un camiño ou outro para completar a aventura.
Os desafíos a resolver tocarán varias áreas curriculares de forma simultánea, á vez que se aborda a educación ambiental, especialmente en todo o relativo ao principio dos tres erres (Redución, Reutilización e Reciclaxe).
O relato está protagonizado por catro mozos: Navia, a líder e que habitualmente é a que toma a última decisión; Artur, moi creativo, fíxase moito nos detalles e gústalle debuxar; Sira, intelixente e con moi boa memoria, é unha caixa de datos que a miúdo comparte cos demais; Prisco, un pouco bravucón e ás veces tamén intrépido, pero de moi bo corazón.

**Eixo transversal**
Caderno Verde é un dos múltiples proxectos de Sogama para a divulgación da conciencia ambiental entre os escolares galegos, desde a etapa infantil, pasando por primaria e ata secundaria. É unha formación transversal, adaptada a cada nivel educativo, que bota man do humor e da axuda de curiosas personaxes animadas como a familia Trebón e os amigos de Vilaverde e aos que agora se unen Navia, Artur, Sira e Prisco.

**Acceso directo para xogar**

---

## Vídeo do 30 aniversario de Sogama




Desde que se plantou a "semente" de Sogama, ao longo destes 30 anos, a empresa pública procesou máis de 19 millóns de toneladas de residuos urbanos -unha cantidade equivalente a 95 estadios de fútbol-; recuperou máis de 610.000 toneladas de refugallos da bolsa negra e máis de 410.000 toneladas da bolsa amarela que se destinaron a reciclaxe, e xerou máis de 10 millóns de MWh de enerxía por parte das súas plantas de coxeración e termoeléctrica, localizadas no Complexo Medioambiental de Cerceda, e da planta de biogás, que opera no vertedoiro de Areosa.
Neste vídeo do 30 aniversario resúmense,dun xeito ameno e didáctico, todos estes fitos pasados e tamén os presentes na historia de Sogama, así coma os proxectos de futuro.

**Ver o vídeo do 30 aniversario**

Volver á portada



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia

## Sabes en que consiste a Alianza Galega polo Clima?

O obxectivo deste plan operativo, no que colaboran numerosos axentes sociais e económicos, é situar a Galicia á cabeza das rexións europeas na loita contra o cambio climático, un dos principais retos aos que se enfronta a humanidade pola seria ameaza que supón tanto a nivel social como económico e ambiental.




Ver o vídeo da Alianza Galega polo Clima

---

## Algunha vez pensaches que porcentaxe da comida producida no mundo non chega a ningún prato?

Non é fácil concienciarse nin cambiar hábitos pero, como ben explican neste vídeo da FAO, é preciso cambiar a nosa forma de pensar e de actuar.
A redución do desperdicio alimentario é un obxectivo transversal de varios dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) da ONU.




Ver aquí o vídeo da FAO



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos




## Visita de representantes da Deputación de Ourense

Un grupo de representantes das áreas de Infraestruturas e Medio Ambiente da Deputación de Ourense, liderado polo vicepresidente 3º e Deputado Delegado da Administración Provincial, Plácido Álvarez Dobaño, desprazouse ata o Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda para coñecer de primeira man a súa actividade.
A comitiva foi recibida polo presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, quen tamén lles presentou os avances na planta de biorresiduos do polígono industrial de Verín e as obras de adaptación das plantas de transferencia de San Cibrao das Viñas e A Rúa, que contarán cunha tolva específica para o transvasamento da materia orgánica recollida de forma diferenciada a través do contedor marrón.

**Estreita cooperación**
Na súa relación con Sogama, cabe destacar así mesmo a firme aposta da Deputación provincial de Ourense pola compostaxe doméstica e os sucesivos convenios de colaboración formalizados entre as dúas entidades para estender esta práctica a novas vivendas unifamiliares. A día de hoxe, un total de 100 entidades ourensás (83 concellos e 17 centros educativos) están adscritas ao programa de compostaxe doméstica de Sogama, tendo repartido entre as mesmas, e de forma gratuíta, máis de 3.000 composteiros, ademais de impartir a correspondente formación.

---

## A estremeña GESPESA coñece o modelo Sogama

Representantes de GESPESA, empresa pública de Estremadura encargada, desde 1992, da recollida e tratamento dos residuos domésticos nesa Comunidade, visitaron o Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda para coñecer con detalle os pormenores da súa actividade, así como as melloras acometidas durante os últimos anos e os proxectos de futuro nos que a compañía galega xa está a traballar.
A delegación estivo integrada polo director xerente, o coordinador xeral e dous técnicos desta compañía.





© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Eventos

# Presentación das últimas innovacións á tecnolóxica TEIMAS

Persoal da empresa tecnolóxica TEIMAS, con sede en Santiago, foi outra das visitas destacadas dos pasados meses ao Complexo de Sogama para coñecer as súas últimas innovacións. O grupo, conformado por 28 dos 40 empregados desta compañía, mantivo un breve encontro con Javier Domínguez e recibiu as oportunas explicacións por parte dos técnicos de Sogama, efectuando un percorrido guiado pola infraestrutura cercedense..

**Trazabilidade 2.0**

TEIMAS é unha das poucas empresas de software a nivel mundial especializadas en dixitalizar a cadea de valor do residuo, impulsando desta forma a economía circular, a descarbonización e a sustentabilidade. Un dos seus produtos estrela, Teixo, plataforma desenvolvida de forma exclusiva para empresas xestoras, axentes e negociantes de residuos, está a ser utilizada por máis de 700 centros en toda España.




# Sensibilización sobre reciclaxe no Campus Vida da USC




A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través de Sogama, instalou un punto informativo sobre xestión e tratamento de residuos no Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela (USC) co obxectivo de sensibilizar aos mozos co gallo do Día Internacional da Reciclaxe. Durante toda a xornada, dous monitores resolveron as dúbidas dos visitantes e aproveitaron as consultas que lles trasladaron para recompilar datos sobre o comportamento deste colectivo ante a xestión dos residuos urbanos. En paralelo, e baixo o lema "Non deixes que a túa reciclaxe sexa cuestión de sorte", realizáronse diferentes actividades cun enfoque lúdico-pedagóxico, destacando o xogo da ruleta, amenizado con distintos premios.

Volver á portada



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Regalo sostible para os cidadáns de Lugo: bolsas de tea reciclada confeccionadas polo Centro Penitenciario de Monterroso





A Escola de Adultos do Centro Penitenciario de Monterroso, co apoio de Sogama, repartiu entre os transeúntes que pasaban pola Praza de Abastos de Lugo as bolsas de tea elaboradas polos internos a partir de pantalóns vaqueiros e batas brancas. Os educadores de Sogama tamén aproveitaron a parada na caseta para explicarlle á veciñanza en que consiste a xestión sostible dos residuos, á vez que entregaban distinto material divulgativo.
"O futuro sostible está nas nosas mans" foi o lema desta campaña, que puxo a guinda a varios anos de traballo conxunto entre ambas as dúas entidades co obxectivo de contribuír a canalizar a reinserción social a través do medio ambiente.

**Alma máter**

Ao longo dos últimos anos, Sogama e o Centro Penitenciario mantiveron unha estreita cooperación no ámbito da educación ambiental que abarcou distintas facetas. O director da Escola de Adultos, Pedro Cantero, foi en todo momento o motor e artífice da meirande parte destas iniciativas que, ademais da fabricación das bolsas de tea, incluiu a implantación da compostaxe da materia orgánica, con composteiros e vermicomposteiros; a construción dun invernadoiro con botellas plásticas de auga usadas, e mesmo a publicación de dous libros: "El huerto ecológico" e o receitario "Sabroso reciclaje", que presentamos nesta newsletter.

---

# Os socios de Viratec coñecen Sogama



Representantes de distintas entidades adscritas a Viratec (Agrupación industrial Galega de Solucións Ambientais e Economía Circular) achegáronse ao Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda para tomar boa nota das medidas de innovación ambiental aplicadas por esta empresa pública e que a levaron a ser todo un referente, a nivel nacional e internacional, na xestión de residuos urbanos, erixíndose na planta das súas características máis moderna e eficiente de Europa, así como en punto de referencia para o resto do mundo.
O grupo, liderado pola xerente, Ana Botas, e a quen entrevistamos neste número, estaba conformado por destacadas empresas do tecido industrial e tecnolóxico galego. É o caso de Cetaqua, Insertega, Icoda, Norvento, Indrops Laboratorio, Vertex, Galicimplas, Cetim, Coregal, USC, Viaquia-AGBAR, TEN, Agroamb e GL Ecological Solutions. Sogama tamén é entidade socia de Viratec.



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Curiosidades

## Balance positivo en reciclaxe de envases lixeiros en Galicia

Cada galego reciclou o ano pasado unha media de case 30 quilos de envases lixeiros e papel-cartón, 6,4 quilos máis que hai cinco anos. Este é un dos principais datos do balance no que se recollen as principais cifras de reciclaxe das diferentes tipoloxías de envases correspondentes á anualidade 2021. O balance da conta de que esta é unha tendencia positiva que se enmarca no traballo conxunto desenvolvido pola Xunta de Galicia e Ecoembes para mellorar o depósito, recollida e posterior recuperación deste tipo de residuos no conxunto da Comunidade.
O ano pasado recuperáronse máis de 73.000 toneladas de envases de plástico, latas e briks e de papel e cartón de orixe doméstica.



Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

## Waste – to – Energy é un dos sectores industriais máis regulados en Europa

As plantas Waste – to – energy (conversión de residuos en enerxía), entre as que se atopa Sogama, teñen demostrado de sobra os seus mecanismos de protección ambiental, atopándose as súas emisións moi por baixo dos límites que fixa a lexislación. Así o corrobora un informe elaborado por CEWEP, e avalado pola asoaciación sectorial ESWET, no que se asegura que é un dos sectores industriais máis estritamente regulados e controlados en Europa e que estas instalacións actúan mesmo como sumidoiros de contaminación.
A día de hoxe, as emisións de dioxinas de WtE representan menos do 0,2 % das industriais totais. De feito, unha instalación de valorización enerxética ben xestionada emite concentracións extremadamente baixas de dioxinas e furanos, ás veces mesmo por baixo do límite de detección dos instrumentos de medición.



Fonte: ESWET

**Ver aquí o informe completo "Dioxinas e plantas WtE: estado da arte, visión xeral europea da análise a longo prazo de dioxinas na contorna de plantas WtE"**



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Curiosidades

# Aumentan un 75% as búsquedas sobre medio ambiente en Internet




Nos últimos cinco anos, as procuras sobre o medio ambiente na internet aumentaron un 75% en España. As preguntas sobre cambio climático que tiveron un incremento puntual (5.000%) son:

- Que é a choiva aceda
- Que son os gases de efecto invernadoiro
- Que é o desenvolvemento sostible
- Que se pode facer para evitar o cambio climático
- Que é un plan de mobilidade urbana sostible

Pola súa banda, as cuestións máis buscadas sobre sustentabilidade inclúen "produtos usados", "enerxía solar", "veganismo", "reciclaxe" e "sustentabilidade". E os temas que máis medraron en interese este ano son "comunidades sostibles" (aumento dun 633%), "ecocity" (155%), "contaminación do solo" (148%) e "contaminación de plástico" (79%).
Así mesmo, os internautas indagaron en opcións máis verdes para desprazarse e os rastreos para tendas de roupa de segunda man e vintage aumentaron un 210% e un 279%, respectivamente.

Fonte: Compromiso RSE
Imaxe: Pexels

# Cada español reciclou 100 gramos de envases de medicamentos nos puntos SIGRE




O pasado ano, os españois depositaron no Punto SIGRE da farmacia 100 gramos de envases baleiros ou con restos de medicamentos, unha cifra que supón un incremento do 8% respecto do exercicio anterior. Desta forma, a taxa de recollida de residuos de medicamentos recupera os niveis previos á pandemia.
En consonancia con estas cifras, a sondaxe poboacional realizada por SIGRE mostra, entre outros datos positivos, que o 91% dos cidadáns considera prexudicial para o medio ambiente tirar os medicamentos ao lixo ou polo desaugadoiro.
Máis aló da colaboración cidadá, tamén contribúe á reciclaxe o esforzo realizado polo sector farmacéutico para minimizar o impacto ambiental dos envases de medicamentos, logrando que sexan cada vez máis ecolóxicos e sostibles. En concreto, os laboratorios farmacéuticos aplicaron 421 medidas de ecodeseño a máis de 117 millóns de envases.

Fonte e imaxe: SIGRE

Volver á portada



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos
Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Curiosidades

# Premio para os concellos máis comprometidos coa bolsa amarela



A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, Sagrario Pérez, felicitou aos oito concellos que lograron o obxectivo de incrementar nun 10% a reciclaxe de envases de plástico, latas e bricks con respecto a 2021, no marco da campaña “Únete ao reto”. Na terceira edición desta iniciativa, impulsada pola Xunta co apoio de Ecoembes, foron 8 dos 13 municipios convidados os que acadaron ese reto -Ordes, Burela, Chantada, Sarria, Verín, Cangas, Moaña e Bueu-. Cada un deles recibiu un premio de 2.000 euros para destinar a unha causa social da súa elección.
En xeral, as 73.000 toneladas recollidas o ano pasado nos contedores amarelo e azul manteñen a tendencia de incremento da reciclaxe dos últimos cinco anos.

Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

# Camiños de Santiago libres de basuraleza



Ecoembes celebra unha nova edición da campaña “Camiño da Reciclaxe” para concienciar aos milleiros de peregrinos que percorren seis dos Camiños de Santiago da importancia de separar e reciclar os residuos que vaian xerando durante cada etapa.
Con tal fin, proporciónase a todos os EcoAlbergues adscritos un kit conformado por carteis didácticos, papeleiras de cor amarela e azul, un selo identificativo, Compostelas do Ecoperegrino e 55.000 bolsas bolsas reutilizables fabricadas con PET reciclado. Todo para entregar aos camiñantes.
En paralelo, unha vintena de voluntarios de Ecoembes e do Proxecto “LIBERA, unidos contra a basuraleza” -creado pola ONG SEO BirdLife e Ecoembes- realizaron o “Camiño ao revés Portugués” para concienciar aos peregrinos a Compostela sobre a importancia de manter as rutas libres de lixo.

Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos
Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Curiosidades

# Potencial das centrais WtE para a descarbonización



ESWET dou a benvida á folla de ruta da Comisión Europea sobre a certificación de eliminación de carbono e destaca o potencial do sector Waste – to - Energy (WtE) para contribuír aos esforzos de descarbonización. Considera que as especificidades de todos os ámbitos de actividade, incluída a conversión de residuos en enerxía, deben terse en conta a fin de garantir a consecución dos obxectivos de neutralidade de carbono para 2050. As plantas WtE xa actúan como sumidoiros de carbono ao proporcionar calor e electricidade, desviando os refugallos dos vertedoiros, coa particularidade de que preto do 50% das emisións son de orixe bioxénico, é dicir, de biomasa. A captura e o almacenamento de $CO^2$ bioxénico "pode permitir que os residuos sexan unha fonte de enerxía con emisións netas nulas ou mesmo negativas", tal e como recoñece o último informe do IPCC (2022).

Fonte: ESWET

# O Parlamento Europeo senta as bases do "dereito a reparar" os dispositivos dixitais

O Parlamento quere que sexa máis fácil reparar que comprar novos dispositivos e considera que o dereito a reparar é un paso crucial para lograr os obxectivos dos plans de acción da Economía Circular, enmarcados no Pacto Verde Europeo.
Recentemente, aprobou as súas demandas para unha próxima proposta da Comisión Europea sobre o dereito á reparación prevista para finais de 2022.
Segundo unha enquisa do Eurobarómetro, o 79% dos cidadáns da UE cre que se debe esixir aos fabricantes que faciliten a reparación dos dispositivos dixitais ou a substitución das súas pezas individuais. Do mesmo xeito, o 77% preferiría reparar os seus dispositivos antes que comprar outros novos.



Os residuos electrónicos son o fluxo de refugallos que máis medra no mundo, con máis de 53 millóns de toneladas refugadas en 2019.

Fonte e imaxe: Parlamento Europeo

Volver á portada



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Curiosidades

# Máster en Enxeñería Ambiental da USC, primero posto no ránking de "El Mundo"




O Máster en Enxeñería Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela (USC), coordinado polo catedrático Francisco Omil Prieto, revalidou o seu primeiro posto na Clasificación 250 Máster que elabora anualmente o xornal "El Mundo", na sección de Xestión Ambiental.
Con esta, xa son oito as edicións nas que este Máster mantén a súa primeira posición, e isto malia os movementos e cambios de titulacións de diferentes universidades, cun peso significativo das privadas.
O seu carácter profesionalizante queda evidenciado polo labor efectuado por parte da ETSE, con máis de 100 convenios con organismos e empresas (entre as que se atopa Sogama).

Fonte e imaxe: USC

---

# Ellen MacArthur, Premio Princesa de Asturias de Cooperación Internacional 2022



Esta emprendedora social británica é todo un referente na loita para unha mellor utilización dos recursos naturais e por acelerar a transición cara á chamada economía circular.
Ellen MacArthur traballa coa Fundación que leva o seu nome para cambiar a actual paradigma de produción e consumo mediante un aproveitamento dos recursos baseado na redución, a reutilización e a reciclaxe de materiais de forma sostible.
A Fundación Ellen MacArthur centra o seu labor en catro ámbitos principais de investigación e participación: alimentos, nova economía do plástico, nova economía téxtil e a loita fronte ao cambio climático para a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro e outros elementos contaminantes.
Así mesmo, ofrece unha serie de recursos informativos e plataformas educativas, organiza encontros e actividades de divulgación e formación para difundir as súas ideas e obxectivos, e publica informes e programas, dispoñibles de forma gratuíta.
MacArthur, regatista profesional, en 2005 fixo historia ao completar a volta ao mundo en solitario máis rápida feita por ningún navegante.

Fonte e imaxe: Fundación Princesa de Asturias



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos
Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Máis de 5,5 toneladas de aluminio recicladas en 2021



A reciclaxe de envases de aluminio alcanzou en España as 5.642 toneladas en 2021 a través de distintos fluxos como son as plantas de selección, as plantas de residuos urbanos, as recollidas selectivas fóra do fogar e os recuperadores de residuos. Esta cifra representa o 56,1% do total de envases de aluminio postos no mercado e supón un incremento de 4 puntos respecto ao ano anterior, cando a taxa alcanzou o 52,1%.
A vía que experimentou unha maior subida foi a das recollidas selectivas fóra do fogar (oficinas, eventos tipo concertos, festivais, etc.), superando o 50%. A taxa de valorización destes envases posiciónase así no 57,6%.
Son datos do estudo anual de ARPAL, completados cos achegados por Ecoembes, e que conta coa colaboración da Federación Española da Recuperación (FER).
Grazas ao esforzo dos cidadáns, o noso país xa alcanzou o obxectivo do 50% de reciclado establecido pola normativa europea para 2025.

Fonte: ARPAL | Imaxe: Pexels

**CURIOSIDADE. Todo o aluminio que se recupera, reciclase, constituíndo unha excelente materia prima para volver a fabricar produtos con este metal, xa que no proceso de reciclaxe non cambian as súas propiedades. De feito, o 75% de todo o aluminio que se fabricou desde hai 100 anos atópase actualmente en uso e transformado en diversos produtos grazas á reciclaxe**
**Outra vantaxe do reciclado de aluminio é o aforro do 95% da enerxía necesaria para producilo a partir do mineral. Máis información: www.aluminio.org**

## España, segundo país da UE máis preocupado polo cambio climático



Evitar o exceso de envases é a primeira medida indicada pola cidadanía para combater o cambio climático. Así se recolle nun estudo realizado por Ipsos en 31 países con motivo do Día da Terra 2022.
A esta síguena outras tales como evitar a compra de novos produtos, aforrar auga e enerxía na casa, e reciclar vidro, papel e plástico. En canto á acción considerada máis importante, non utilizar o coche, só o 15% da cidadanía afirma estar disposta a modificar este hábito.
O 68% da poboación mundial asegura estar preocupada polos efectos do cambio climático no seu país. En España, esta porcentaxe sobe ao 77%, sendo o segundo país europeo máis preocupado por este asunto, só por baixo de Italia (79%).
Así mesmo, e de media, 7 de cada 10 persoas en todo o mundo están preocupadas polo impacto do cambio climático noutros países.
A cidadanía tamén é consciente da súa propia responsabilidade individual para frear o cambio climático. O 70% cre que, se non actuamos pronto, fallaríamos ás próximas xeracións, unha porcentaxe que aumenta en 4 puntos para o caso de España (74%).
Con todo, a poboación considera que esta responsabilidade debe ser compartida coas empresas e os gobernos.

Fonte: Compromiso RSE
Imaxe: Pixabay

Volver á portada



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Receitario

## Transición cara ao outono

Canto custa despedirse do esplendor e da liberdade que nos ofrece o verán, tamén na cociña,... Con esas preparacións lixeiras que sacian os padais despreocupados! Nestes días de transición cara á nova estación do ano buscamos no noso receitario un prato rápido de facer, que nos recorda o estío, e con toques de outono xa que incorpora uns dos produtos máis característicos dos próximos meses, os cogomelos.
É unha idea que extraemos do libro de receitas "recicladas" editado polo Penal de Monterroso, "Sabroso reciclaje" no que tedes moitas máis preparacións para aproveitar os restos de comida! Se vos animades a cociñar algunha destas propostas con sobras, compartide con nós fotos en Facebook, Twitter e Instagram ou etiquetádenos!

## Spaghettoni 4 queixos, cogomelos e flor de ourego

### Ingredientes reciclados

- Cogomelos sobrantes
- Restos de táboa de queixos (azul, cheddar, edam e emmental

### Outros ingredientes

- Spaghetonni
- Manteiga
- Pementa, sal, allo
- Aceite de oliva
- Nata, leite, noz moscada
- Perexil e flor de ourego



### Elaboración:

1. Picar os cogomelos e os queixos e reservar.
2. Cocer a pasta nunha cazola con auga abundante á que engadiremos sal, manteiga e pementa.
3. Saltear o allo ben picado nunha tixola con aceite de oliva, agregar os cogomelos, unha chisca de sal, o pirixel picado e dourar os cogomelos.
4. Engadir 150 ml de nata líquida y 75 ml de leite, salgar e acentuar os sabores coa flor de ourego picada e un chisco de noz moscada moída. Ferver a lume baixo para ligar a salsa e ir removendo aos poucos.
5. Engadir os queixos e deixar que se desfagan e espesen aínda máis a salsa.
6. Escorrer a pasta, devolver á cazola, cubrir coa salsa e mesturar. Servir ben quente!

### Presentación:

- Acompañar cunha boa ensalada de leituga con tomate e algunha outra verdura de tempada de sobras de comida.



© SOGAMA | Aviso legal | Novo Regulamento Europeo de Protección de Datos. Consulta os teus dereitos

Morzós, 10. As Encrobas. 15187, Cerceda (A Coruña)
Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es